

PEZA DO MES

outubro

2002



CRUZ PROCESIONAL

CA. 1500

BRONCE

53 x 38 CM

PROCEDENCIA DESCOÑECIDA

INGRESADA POLA COMISIÓN DE MONUMENTOS DE OURENSE

Nº INV. 545

CRUZ PROCESIONAL DE BRONCE QUE RESPONDE A UNHA TIPOLOXÍA QUE ACADOU NOTABLE DIFUSIÓN ENTRE OS ANOS FINAIS DO SÉCULO XV E COMEZOS DO XVI, COMO PRODUTO DE OBRADOIROS TARDOGÓTICOS DESTINADOS A CUBRIR A PRODUCCIÓN DE OBXECTOS LITÚRXCOS DEMANDADOS DENDE AS PARROQUIAS RURAIS.





REVERSO

CRUZ PROCESIONAL

A produción de obxectos suntuarios en ouro, prata e outros metais e aliaxes, para as distintas celebracións litúrxicas foi abundante dende os inicios do cristianismo. Utensilios como cálices, custodias, cruces de altar ou procesionais, incensarios, navetas, etc, reflectirán os estilos artísticos imperantes en cada momento, unindo á súa funcionalidade a busca da beleza e a perfección técnica para converterse en merecidos contedores do Corpo de Cristo que acubillan ou representan plasticamente.

Desde os tempos medievais catedrais, mosteiros e igrexas parroquiaís rurais rivalizarán en posuír os máis ricos obxectos de ourivería o que conlevará unha continua anovación nos mesmos. Non obstante, son poucas as mostras que se conservan dos tempos do medievo en relación ás que realmente deberon existir, debido a que, como recolle López Ferreiro, numerosas pezas foron fundidas para a elaboración doutras que no seu tempo se consideraron máis importantes.

En Galicia, Santiago de Compostela como meta de peregrinos foi, loxicamente, o principal centro produtor e lugar de atracción de artistas europeos que estenden a súa influencia por toda a área galega. Referencias históricas fálannos dos intereses que no comercio de obxectos de culto tiña a igrexa compostelá. Así, no século XIII, das cen tendas fixadas na Praza das Praterías, vinteoito pertencían á propia Catedral.

No século XV cítanse pezas de importación procedentes de Francia e Italia que virán a sumarse ás que se labrarían nos obradoiros galegos. De entre todas elas, as máis numerosas, xunto con cálices e incensarios, son as cruces, case todas elas de tipo procesional, realizadas en bronce ou cobre, prata, acibeche e cristal de rocha.

Non debemos esquecer que a cruz procesional é o símbolo litúrxico distintivo da comunidade parroquial, presidindo as funcións sagradas colectivas tales como procesións festivas ou as organizadas con motivo dalgunha rogativa, enterrros, etc., sendo, á par de obxecto indispensable, considerada a peza máis valiosa e coidada da freguesía.

O maior número de exemplares de época tardogótica conservados na actualidade corresponde ás realizadas en bronce, polo xa citado costume de fundir as pezas de materiais preciosos. Trátase de cruces que pertencen ó mundo rural das parroquias e que en moitos casos eran custeadas polos propios fregueses.

A súa cronoloxía sitúase nos anos finais do século XV, con continuidade no primeiro terzo do século XVI, e deberon gozar dunha ampla difusión en todo o norte da Península. Os exemplos conservados en Galicia encóntranse distribuídos por moi diversos e distantes puntos da nosa xeografía (exemplares coñecidos son as tres cruces que procedentes de diversas parroquias pontevedresas se gardan no Museo Diocesano de Tui, varias nas provincias de Lugo e Ourense ou tamén nesta provincia as que se conservan nos Museos Diocesano e Catedralicio). Todas elas son obras procedentes de obradoiros tardogóticos que cobren a demanda de utensilios litúrxicos das parroquias rurais, en claro contraste –tanto material como artístico– coas das Catedrais, moito máis ricas e produto de ourives



DETALLE DO ANVERSO.



DETALLE DO REVERSO.

de recoñecido prestixio, case sempre foráneos, como é o caso da denominada “Cruz Preciosa” da Sé auriense, indiscutible xoia da ourivaría da cidade a comezos do século XVI.

Non era estraño, sen embargo, que nas parroquias de maior poder adquisitivo existisen dúas cruces procesionais: unha de prata para as funcións máis solemnes e outra máis sinxela, de metal non nobre, para os actos ordinarios.

Dentro desa tipoloxía de cruces rurais máis simples temos que encadrar esta que conserva o Museo Arqueolóxico, ingresada no seu momento pola Comisión de Monumentos de Ourense, sen que quedara constancia da data de ingreso nin da súa procedencia, que podemos supoñer dalgunha das múltiples parroquias que conforman a provincia ourensá.

Realizada en prancha de bronce, o seu esquema segue o tipo de cruz latina abreviada, con brazos que parten dun pequeno cuadrón central cadrado. Presenta un movido perfil festonado, decorado en todo o seu contorno por unha cristaría vexetal a modo de cardinas e con expansións ou saíntes flordelizados no centro dos brazos e pequenas bagas ou froitos torneados cara ós extremos e outros de factura similar que se proxectan desde os ángulos do cuadrón.

Non conserva na actualidade os que rematarían os brazos.

A superficie mostra unha ornamentación sinxela, cun cordón sogueado en relevo no centro dos brazos e motivos de estrelas e pequenos círculos incisos, ademais dunha fina liña perfilando os traveseiros.

Tampouco conserva o canón nin a macolla, que neste tipo de pezas soe ser moi simple, normalmente de tipo globular con moldura central sogueada e gallos realizados mediante leves incisións.

No anverso ostenta unha figura fundida do Crucificado (dun material máis cobreado que o resto da cruz), que responde ás características do último gótico. Trátase dun Cristo sufrinte ou doloroso, cos pés suxeitos por un só cravo, o que obriga á postura forzada das pernas, anatomía magra e detallada e un corto pano de pureza anoado nun costado.

No reverso da cruz, liso, ofrece unha imaxe en relevo, tamén fundida e hoxe soldada con chumbo, da Virxe co Neno en brazos de influxo renacente.



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao . FOTOGRAFIA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-931-2002



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

